



**Concello de Lugo**



**XUNTA  
DE GALICIA**

CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
AS MERCEDES

## **CONVENIO-MARCO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE O CONCELLO DE LUGO E O CIFP AS MERCEDES DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO**

En Lugo, data da súa sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Miguel Fernández Méndez, con NIF: 33.839.359-B Alcalde - Presidente do Concello de Lugo, con enderezo social en Praza Maior, s/n, de Lugo, e CIF P2702800J, que actúa en nome e representación do mesmo, segundo o dispón o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coas atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local

Doutra, Don Joaquín Expósito López, director do CIFP As Mercedes de Lugo, centro educativo dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional, código 27006528, localizado en rúa Avenida de Madrid número 75, 27002, Lugo, e CIF Q7755141D.

Ambas partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia nas súas respectivas facultades para subscribir a presente Convenio- Marco, e na súa virtude

### **EXPOÑEN**

I. Que o CIFP As Mercedes de Lugo é un centro educativo público dependente da Xunta de Galicia, polo que tódalas súas ensinanzas teñen carácter oficial.

II. Que o Concello de Lugo e o CIFP As Mercedes de Lugo teñen interese en colaborar conxuntamente na formación do alumnado desta, mediante a realización de prácticas non remuneradas nas distintas áreas do Concello que se adecúen aos seus estudos.

De acordo co anterior, ámbalas dúas institucións acordan subscribi-las seguintes:

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.**

O Convenio-Marco terá por obxecto establece-la colaboración entre as partes para o desenvolvemento dun programa de Formación en Centros de Traballo, dirixido ó alumnado de formación profesional específica do CIFP As Mercedes de Lugo, e que fará posible que alumnos deste centro educativo fagan prácticas non remuneradas nas dependencias e áreas do Concello de Lugo que se determinen.



**Concello de Lugo**



**XUNTA  
DE GALICIA**

CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
AS MERCEDES

## SEGUNDA.

A duración das prácticas, o seu período de realización e o número de alumnos que participarán nelas serán determinadas igualmente por ámbalas dúas partes nos acordos específicos que se aprobarán, de ser o caso, e segundo a legalidade vixente.

O CIFP As Mercedes de Lugo seleccionará ós alumnos que realizarán as prácticas segundo a convocatoria e o plan de estudos do citado centro, respectando ós principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

## TERCEIRA.

O alumnado que faga as prácticas ó abeiro do presente Convenio-Marco desenvolverá as actividades formativas programadas nas dependencias e áreas do Concello de Lugo ou mediante teletraballo nos casos que a lexislación ou as directrices do Concello así o determinen; ou de ser o caso, naqueles lugares nos que o Concello de Lugo desenvolva a súa actividade, que se determinen por este.

## CUARTA.-

O Concello de Lugo comprométese ó cumprimento da programación de actividades formativas, que previamente fosen acordadas co CIFP As Mercedes de Lugo, a realizalo seu seguimento e a valoración do progreso do alumnado, e, xunto cola titor/a do centro educativo, á revisión da programación, se fora necesario, unha vez iniciado o período de prácticas, e á vista dos resultados. De ser necesario, estes contactos manteríanse telematicamente.

## QUINTA.-

O Concello de Lugo nomeará unha persoa como titor/a para a coordinación das actividades formativas que se realizarán nas súas dependencias, que garantirá a orientación e consulta do alumnado, facilitará as relacións co profesor-titor do centro educativo e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ó profesor titor do centro educativo as actuacións de valoración e supervisión do proceso. De ser necesario, estes contactos manteríanse telematicamente.

## SEXTA.-

Cada alumno/a disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado polo titor/a do Concello de Lugo en colaboración co titor/a do centro educativo. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas no Concello de Lugo, con rexistro de data e dos resultados semanais. Estes resultados semanais reflectiranse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cumprirá o titor/a do Concello de Lugo.

## SÉTIMA.-



**Concello de Lugo**



**XUNTA  
DE GALICIA**

CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
AS MERCEDES

O alumnado non percibirá do Concello de Lugo ningunha cantidade económica pola realización das actividades formativas. Polo tanto, a sinatura deste convenio non supón compromiso económico algún tanto para o Concello de Lugo como para o CIFP As Mercedes de Lugo.

#### OITAVA.-

Durante o tempo que duren as actividades formativas o alumnado estará dado de alta na Seguridade Social tal e como establece a disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei da Seguridade Social, que determina a inclusión, e os termos desta, no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas que inclúen as realizadas polo alumnado de formación profesional e de ensinanza de réxime especial.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asumirá a xestión centralizada e o custo económico desta medida. A cotización á Seguridade Social axustarase ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional garantirá o cumprimento do establecido nesta cláusula para cada un dos alumnos/as que, en base a este convenio marco, sexan autorizados polo Concello de Lugo para a realización de prácticas nas súas instalacións.

#### NOVENA.-

Calquera eventualidade de accidente que se puidera producir será recollida pola normativa vixente en materia de seguro escolar e poios estatutos da mutualidade de tal seguro; todo iso sen prexuízo da póliza que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional subscribe anualmente como seguro adicional para mellorar indemnizacións, cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil do alumnado que realiza a Formación en Centros de Traballo.

#### DÉCIMA.-

Dado o carácter formativo das prácticas académicas, da súa realización non se derivarán en ningún caso para o Concello de Lugo obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo. O Concello de Lugo non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas nas súas dependencias.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.-

Co fin de realizar un seguimento da execución, xestión e interpretación deste Convenio-Marco, prevese a existencia dunha Comisión de Seguimento, coas seguintes funcións:



**Concello de Lugo**



**XUNTA  
DE GALICIA**

CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
AS MERCEDES

- Formular as propostas sobre o número de prazas de cada convocatoria correspondentes a cada curso académico, de acordo cos criterios e normas que se establecerán oportunamente.
- Observación da súa execución.
- Decisión nas controversias e/ou discrepancias que se susciten na súa interpretación.
- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións desde Convenio Marco, así como controla-lo seu cumprimento e resolve-los conflitos entre as partes.

A devandita Comisión de Seguimento estará integrada por dous representantes do centro educativo e dous do Concello de Lugo, entre eles o titor/a das actividades do alumnado en prácticas.

#### DÉCIMO SEGUNDA.-

O Convenio-Marco entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos. En calquera momento, antes da finalización do prazo previsto anteriormente, os firmantes do convenio poderán acordar unánimemente a súas prórrogas por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Tamén se poderá rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, e baseada nalgunha das seguintes causas:

- Cesamento de actividades do centro docente ou do Concello de Lugo.
- Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- Incumprimento das cláusulas establecidas no Convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas, ou vulneración das normas que, en relación coa realización das actividades programadas, estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.
- Mutuo acordo entre o centro educativo, adoptado pola súa dirección, e o Concello de Lugo. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no convenio por decisión unilateral do centro ou do Concello de Lugo, ou conxunta de ambos os dous, nos seguintes casos:
  - Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.



**Concello de Lugo**



**XUNTA  
DE GALICIA**

CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
AS MERCEDES

- Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia á persoa interesada.

En calquera caso, o Convenio-Marco non poderá rescindir-se no caso de que haxa alumnos seleccionados para realizar un período de prácticas mentres non rematen estas.

#### DÉCIMO TERCEIRA.-

O Concello de Lugo e o CIFP As Mercedes de Lugo comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir na interpretación ou desenvolvemento do presente convenio-marco, por medio da Comisión de Seguimento. Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver polo órgano anterior, someteranse á resolución da xurisdición contencioso administrativa, dado o carácter administrativo deste Convenio-Marco.

E para que así conste, para os efectos oportunos, e en proba de conformidade con canto antecede, asinan dixitalmente este documento

<b>POLO CIFP AS MERCEDES</b>	<b>POLO CONCELLO DE LUGO</b>
O Director, Don Joaquín Expósito López	O Alcalde Presidente Don Miguel Fernández Méndez.